

A Nosa Voz

BOLETÍN DE INFORMACIÓN DIOCESANA-LUGO

Pascua 2008

Nº 71 III ÉPOCA




**Pascua: Anuncio da
Resurrección a todas
as xentes**

Ordenación Episcopal

“Aquí, en Lugo, podemos recordar el nombre ya de cien obispos, contemplar una antiquísima realidad de sucesión en el ministerio apostólico instituido por Cristo. Ser acogido hoy en el Colegio episcopal es participar de esta historia de comunión y de misión en el mundo, que nuestro Señor hace posible perennemente (...) Vengo a la Iglesia de Dios que está presente en Lugo, y guarda en su corazón, como el tesoro más precioso, la fe firme en la presencia real de Jesús sacramentado y la adoración perenne de su amor. He de agradecer la acogida cordialísima que ya he podido apreciar, movida por una clara conciencia creyente de lo que significa el obispo para la constitución de la Iglesia, y manifestada especialmente en los grandes esfuerzos de muchos para hacer posible esta celebración. Gracias a todos, sacerdotes y laicos. (...) No nos concibamos nunca solos, olvidando que Jesús está con nosotros. No pensemos las cosas como si Él no existiese, como si estuviésemos en el mundo sin esperanza y sin Dios (Ef 2,12), sin Evangelio y sin Iglesia. No suframos o muramos como si Él no estuviese con nosotros y nos consolase con sus sacramentos. Si un hijo nuestro entra en la vida, pidámosle a Él también la eterna en el bautismo. Cuando necesitemos misericordia, acudamos a Él, recibamos el sacramento del perdón, recuperemos la comunión fraterna. No nos privemos de la fuerza de su amor y de su compañía constante en la Eucaristía, que puede sostener nuestro corazón en cualquier circunstancia. Que la unción de su Espíritu nos guíe en la vida, dé vigor y haga definitivo nuestro amor y nuestra entrega, en el matrimonio, el sacerdocio o la vida consagrada. A quien permanece unido a Él, la vida verdadera, el Señor ha prometido que vería multiplicarse la verdad y el bien, y un destino de vida eterna; que sería santificado en la verdad”.

Mons. Alfonso Carrasco Rouco

(Extracto de la alocución del día de su ordenación episcopal)



A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTORA: María José Campo López- Barcia.
 CONSELLO DE REDACCION: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba,
 Miguel Gómez, Miguel Rico Gómez, Antón Negro.
 ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.
 DISEÑO: José Manuel Castro Alba
 EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de
 Pastoral da Diocese de Lugo.
 ENDEREZO: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.
 Teléfono: 982 23 11 43
 Teléfono-Fax: 982 25 15 93
 E-mail: mcsbispo@planalfa.es - Web: www.diocesisdelugo.org

A NOSA VOZ

DEPOSITO LEGAL: LU 649 - 1996

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao.



Cáritas

Traballamos pola Xustiza

O Seminario diocesano e Lugo conta con 79 seminaristas menores e 9 maiores.

É tradicional que no domingo máis cercano á festa de S. Xosé, as dioceses españolas, celebren a xornada a favor dos seminarios. Con este motivo, durante o mes de marzo o Seminario organiza actividades de divulgación sobre este centro e os mozos que ali se preparan para o sacerdocio. É, o mesmo tempo, unha campaña de fomento das vocacións.

Ainda que as xornadas fanse coincidir cunha data concreta tamén é certo que as vocacións sacerdotais debe ser un aspecto constante de preocupación e coidado por parte da comunidade cristiá a que pertencemos.

Recollemos neste número o testemuño dun dos nove seminarista maiores que están a formarse no noso Seminario. O testemuño é a forma máis clara e cercana de achegarnos a realidade da vocación sacerdotal



Resposta á unha chamada

Alberto Riádigos García
2º Estudos Eclesiásticos

Desde pequenito, sempre tive conciencia de que la máxima aspiración que debía guiar mi vida era la de lograr la felicidad. Sin embargo, con el paso del tiempo, fui descubriendo que aquellas cosas que la vida me iba deparando, no sólo no constituían la felicidad deseada, sino que en muchas ocasiones eran una fuente de sufrimiento.

Mi madre me transmitió la fe desde el principio, pero yo, al crecer, acabé por dejar toda práctica religiosa por considerar que no me aportaba nada. En lo demás, mi vida transcurrió de un modo parecido a la de muchos jóvenes de mi época, sin faltarme de nada. Tenía una buena familia, una buena pandilla de amigos, y en los estudios no me iba mal; veía mi vida pasar ante mis ojos plácidamente, sin mayores motivaciones que la sustentaran, ni falta parecía que le hacían.

No obstante, en mi vida faltaban motivaciones más sólidas, y esto acabaría motivando su resquebrajamiento. El momento más crítico transcurrió hacia el final de mis estudios universitarios. Yo me encontraba triste, muy desanimado, y sin alcanzar a comprender por qué, todo aquello que antes me había hecho sentir bien - amigos, familia, hobbies, etc. - ahora carecía de interés para mí. Debido a esto, los escauceos con las drogas cada vez se volvían más frecuentes, y buscando un consuelo para mi situación, esta cada vez se ponía más difícil.


Pero justo cuando las esperanzas parecían esfumarse, apareció un buen amigo - y ahora también seminarista -, para convencerme

de que me animara a ir, con un grupo de jóvenes, a una peregrinación a Fátima. Cedí, pues ¿qué podía perder?.

Lo que allí sucedió no es fácil de describir, como tampoco lo es ninguno de estos flechazos repentinos que se dan entre los recién enamorados. Sí es claro que me encontré, por medio de María, con el Señor, el cual no se limitó a demostrarme su existencia, también quiso dejarme claro su amor por mí, de un modo real y personal. Un amor que olvidaba y perdonaba de un plumazo - por lo que dejaban de existir - todos los problemas que venía arrastrando. Era el amor de un dios personal, del Señor, que abría ante mí, como si fuese un recién nacido, todo un mundo nuevo lleno de sugerentes posibilidades...

Desde ese momento, como se hace ver claro, el cambio de perspectiva fue total. La auténtica felicidad, ahora, dejaba de ser un deseo nunca alcanzado. Por lo demás, pasaba a ser un miembro más en la gran familia de los cristianos. Pero en la medida que fue madurando mi amistad con el Señor, descubrí que respecto al amor que me había mostrado, también quería que alcanzase a todos los demás, y que podía ayudarle, aunque fuese pobremente, a ser sus manos en la tierra con este fin. Nació así mi vocación al sacerdocio.

Este fue el modo en que Dios quiso actuar en mi vida, por el cual siempre le estaré agradecido. Que su amor llegue a los corazones de todos los hombres.





Recientemente, la Delegación de Pastoral de la Salud organizó en Lugo un cursillo rexional orientado a vivir y acompañar sanamente la pérdida de un ser querido. Edelmiro Ulloa, el delegado de nuestra diócesis, nos cuenta desde su experiencia, detalles de la labor de atención a enfermos y a quienes, no estando físicamente enfermos, tienen problemas socio-sanitarios como son los ancianos que viven solos, las personas sin techo, y los pobres en cariño o despojados de su dignidad

Pastoral de acompañamiento

Empezamos por el nombre: ¿Por qué se habla ahora de Pastoral de la Salud y no Pastoral de enfermos?

- Comenzó llamándose Pastoral de enfermos, pero luego según fue creciendo, amplió su radio de acción a familiares de enfermos, al personal sanitario que cuida al enfermo y a quienes, no estando físicamente enfermos, tienen problemas socio-sanitarios como son los ancianos que viven solos, las personas sin techo, y los pobres en cariño o despojados de su dignidad. Por otra parte la OMS introdujo el precioso concepto de salud como bienestar más que ausencia de enfermedad. El cambio de nombre es muy significativo: entraña, lógicamente, un serio cambio en la pastoral. ¡Y se las trae!

¿En qué sentido?

- En que nos obliga también a cambiar y esquemas y conceptos. Con el cambio de nombre lo que pretende la iglesia es que cambiemos ciertos hábitos y actitudes de apostolado. Es una invitación a pasar:

- de una pastoral de enfermos a una pastoral de la salud.
- de una pastoral de sacramentos a una pastoral de evangelización
- de una pastoral con los más cercanos a otra pastoral con los alejados
- de una pastoral de visita a una pastoral de acompañamiento
- de una pastoral de ayudar a bien morir a otra de ayudar a bien vivir,

Este cambio de mentalidad, a muchos, no nos resulta fácil. Pero son las pautas

¿Cómo surge en la iglesia la Pastoral de la salud precisamente ahora que la sociedad está concienciada de este deber con los ciudadanos?

- La iglesia existe para evangelizar, es decir, para actualizar la acción humanizadora y sanadora de Jesús de Nazaret. En cada época de la historia ha de ir ocupando el espacio y lugar que le corresponde pero sin olvidar nunca su solidaridad con los pobres, el servicio gratuito a los enfermos, marginados, y la defensa de los indefensos llevándolos a Jesús, *salud de Dios para el hombre*. Es El quien nos dice. *Id y curad, id y cuidad*. Y en eso estamos.

“La iglesia existe para evangelizar, para actualizar la acción humanizadora y sanadora de Jesús de Nazaret (...) sin olvidar nunca su solidaridad con los pobres, el servicio gratuito a los enfermos, marginados, y la defensa de los indefensos llevándolos a Jesús, salud de Dios para el hombre”

Siglo XXI dicen la era del Espíritu. ¿Hacia qué sectores cree que el Espíritu empuja a la iglesia en Galicia?

- ¡No lo sé!. Creo que hacia una mayor encarnación entre los necesitados. Pienso que estamos lejos de ser y aparecer como la iglesia de los pobres Pero está dando pasos en esa dirección: ser esa *buena samaritana* que se acerca a quien sufre porque en los caminos de la vida ha sido despojado de todo, incluso, su dignidad.

Es el Espíritu quien nos empuja a evangelizar a esta

gente haciendo visible y creíble el amor y la ternura de Dios secando lágrimas, calmando dolores, ofreciendo presencia y cercanía.

Pastoral de la salud es una labor dura y gratificante, me imagino. Pregunto ¿hace falta una preparación especial para enrollarse en ella?

.-Hace falta corazón (lo tenemos todos), sensibilidad hacia el necesitado, algún cursillo de formación elemental para saber lo que nunca debemos hacer ni decir, lo que sí podemos y debemos hacer. A esto añadiría gran sentido de escucha y sobre todo *sentidíño común* puesto que a los enfermos nunca se va con la lección aprendida.

realidad la gente siente necesidad de curar su espíritu? ¿se percibe en los Centros demanda de salud espiritual?

.- Cuando estamos sanos vivimos en una especie de torre de babel. De ahí nos baja a todos la enfermedad. Acudimos al Centro sanitario y, lógicamente, buscamos al médico para que nos cure. Pero, mientras esperamos la recuperación física, tenemos tiempo y hacemos nuestra propia escala de valores, pasamos la película de la vida y descubrimos otras *pupas*, heridas profundas, vacíos que duelen, necesidades encubiertas no satisfechas. Entonces nos hacemos preguntas que tocan la profundidad del ser humano: ¿para qué he nacido.? ¿la vida, mi vida qué sentido tiene? ¿por qué no soy feliz teniendo todo? El dinero ¿para qué sirve? “¡Putá vida!. No siento morir, lo que siento es no haber vivido y no saber qué pinto en este mundo que es una mierda” (me dijo un enfermo). El hospital es un marco poco natural al que vamos por enfermedad física/psíquica pero en el cual muchas personas terminan descubriendo otras carencias vitales, heridas profundas del espíritu, o lo que es lo mismo, demandando su salud espiritual. Necesitan sanar su interioridad, esto es:

- encontrar un sentido a su vida, reconciliarse con su pasado,
- liberarse de culpabilidades, sentirse amado y perdonado por Dios
- ser tratado como persona, no como enfermo y expresar su

propia fe.

- y la eterna pregunta:
¿después qué? Interrogantes que se hace todo ser humano cuando se encuentra consigo mismo frente a frente y desnudo.

Estas son las demandas más frecuentes en nuestros Centros de Salud, cuando tocamos fondo. Y como me dijo un médico: "Dios siempre perdona, los hombres, alguna vez, pero la naturaleza humana nunca perdona a quien abusa de ella ¡Y abusamos cantidad!.

La prensa se ha hecho eco de las conclusiones del Congreso de Valencia en el mes pasado sobre la salud de nuestros mayores .Resultan muy interesantes...

- Sí, por ser conclusiones de expertos en salud. Ellos reclaman un Servicio de atención espiritual para todas las Residencias de 3ª edad, (públicas y privadas) puesto que *el 80 % de los ingresados plantean dudas e interrogantes de tipo espiritual.* Es que ,a cierta edad, en las personas mayores se despiertan interrogantes vitales que antes habían estado como adormecidos. Es decir que no solo de pan vive el hombre.

Se va acaba de celebrar en Lugo el XXX Cursillo Regional de Galicia de Pastoral de la Salud sobre el duelo. Háblenos de él. ¿Qué pasa con el duelo para que sea tema de la campaña del año?

- La pérdida de un ser querido es de las más dolorosas. El dolor que sentimos por su separación se llama duelo, el tiempo y la ayuda que necesitamos para superarlo es la *elaboración del duelo.*

Cada cual elabora sus duelos como puede o sabe pero no siempre de un modo saludable. Hay personas que "no levantan cabeza" y siguen envueltas en un duelo no resuelto o mal elaborado, causa de no pocas enfermedades psíquicas. Los golpes de la vida hacen más mela en el alma que en el cuerpo y el mito de las *píldoras de la felicidad* empieza a derrumbarse. Más que fármacos se necesita escucha, desahogo, comprensión y compañía El tema del duelo es de una actualidad rabiosa, necesita ser tratado con la humildad y respeto de quien sabe que pisa tierra sagrada: la que duele es el alma.



El curso eutuvo impartido por los profesores Ramón Martín Rodrigo, religioso, psicólogo, ATS en el hospital San José de Madrid; y la doctora Celia Canedo, psiquiatra del Complejo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo. Tuvo lugar en las instalaciones del Hotel TORRE DE NÚÑEZ de Lugo.

Xornada de Formación Permanente Dioceses e parroquias en clave vocacional

La jornada de formación permanente que tuvo lugar en la Casa Diocesana fue dirigida por Jesús Rico, Miembro de la Comisión Episcopal de Seminarios y Universidades de la CEE. Asistieron un centenar de sacerdotes, seminaristas y laicos de la Diócesis de Lugo. Jesús Rico habló en la primera parte de la labor del sacerdote en el campo vocacional, siendo testigo del Evangelio, hombre de oración, próximo a la gente, a las familias, a los jóvenes,



acampañante espiritual y decidido a la hora de hacer la propuesta vocacional. En la segunda parte se centró en la iniciativas que se pueden hacer desde las parroquias y la Diócesis para el fomento de las vocaciones.

Días 5 e 6 de abril Cristianismo nas primeiras comunidades

Esta xornada Tivo lugar na Casa da Espiritualidade do Convento de Santa Clara en Allariz. Estivo organizada pola Asociación ARELAE tivo por obxectivo principal afondar nas bases cristolóxicas dos primeiros cristiáns e na súa lectura da Sagrada Escritura. As sesión articuláronse como xornadas nas que compartir un día de diálogo e convivencia entre os asistentes. Estivo impartido por Jesús Santiago, sacerdote doutorando en Teoloxía Patrística.



Funeral de Fray José en DVD

Está a la venta el DVD que recoge las imágenes del funeral de Fray José, desde la salida de la capilla ardiente hasta que es enterrado en la capilla de San Froilán de la Catedral de Lugo. Tiene una duración de una hora y cuarenta y cinco minutos y se puede encontrar en la librería *La Voz de la Verdad y en el Obispado.*

Xa levamos máis dunha década en que o Goberno está a favorecer o aluguer de vivendas por parte dos cidadáns. Ademais vemos que tódolos xornais están basicamente de acordo coa promoción do aluguer. Non aparecen voces significativas en contra entre os políticos.

Neste momento o Goberno ten posto en marcha unha Sociedade Pública do Aluguer que está pagando a renda de 1.200 pisos que ninguén ocupa, cousa que non deixa de ser unha malversación ou despilfarro do diñeiro de todos. Entre o custo da burocracia desa sociedade e o pago dos pisos baleiros gástase unha gran cantidade do diñeiro de todos



Política de aluguer

ANTÓN NEGRO

O Goberno para promover o aluguer de pisos para mozos toma dúas medidas:

1º. Para empresarios: ó empresario que poña un piso en aluguer danlle 6.000 euros 2º. Para mozos: ós mozos de 22 a 30 anos, que non gañen máis de 22.000 €, danlles 210 € cada mes durante 5 anos no que chaman Renda Básica de Emancipación. Esta renda suma 2.520 € anuais e nos cinco anos 12.600.

Isto supón un gasto de máis de 18.000 € por cada mozo que alugue un piso e pagado entre todos, incluídos os mozos que gañen menos de 22.000 e os que estean pagando unha hipoteca.

Os medios de comunicación afirman constantemente que estas axudas elevan o prezo do aluguer das vivendas para beneficio das grandes inmobiliarias. Se ese diñeiro fose dado en axudas ós mozos para mercar un piso, habería moitos que se puxesen a mercalo o que conlevaría unha maior socialización da propiedade.

¿Por que esa promoción do aluguer?:

Polo ano 62 escribía G. Rovirosa, o autor citado no encabezamento, un libro titulado "O fenerismo". Nel explica: "chamaremos fenerismo ó sistema de arrendamento de bens no que unha persoa ten os títulos posesorios duns bens e outra persoa ten o uso daqueles bens". Rovirosa foi o fundador da HOAC e investigador científico, que ata mereceu un eloxio de A. Einstein. Nese libro di o seguinte sobre o aluguer:

"Dende o primeiro momento interésame destacar o feito contundente e categórico de que é absolutamente falso afirmar que o sistema económico dos países chamados 'occidentais' se fundamenta sobre o dereito de propiedade privada.

De ningunha maneira. O liberalismo económico, en tódalas súas versións, baséase no arrendamento de calquera clase de bens, que é exactamente a negación do dereito de propiedade individual...

Basta aquí indicar que se se baseara no dereito de propiedade persoal, a primeira

consecuencia sería a difusión e o acceso á propiedade para toda clase de persoas, naturais e xurídicas. E o feito brutal é que cada vez é menor o número de persoas que teñan, nin que aspiren a ter, acceso á propiedade" (p. 39)

Rovirosa deixa claro que o arrendamento é nuclear no liberalismo. Deste xeito non debe estrañarnos que teñamos unha Constitución defensora do Capitalismo e que formemos parte da asociación de mercaderes que é a UE. Resulta, pois, explicable que todo favoreza ó Capitalismo, como evidenciamos á continuación.

Consecuencias sociais

Esta política de aluguer posta en marcha leva consigo prexudicar ós que non teñen vivenda e polo contrario favorecer ós que teñen varias vivendas, para que acaparen máis a fin de poñelas en aluguer, que axudarán a pagar ós que menos teñen. En concreto:

1º. *Favorecen a acumulación da propiedade nunhas poucas mans:* Esta política de dar 6.000 € ó empresario por cada piso que alugue e procurar que haxa máis demandantes de vivenda alugada mediante a subvención, favorece ás grandes inmobiliarias e ós especuladores urbanísticos. O resultado non pode ser outro cá concentración da propiedade en poucas mans.

Epílogo

Remato lembrando brevemente a encíclica Laborem Exercens, nº 23c: "Unha vez máis, débese repetir o principio fundamental: a xerarquía de valores, o sentido profundo do traballo mesmo, esixen que o capital estea en función do traballo e non o traballo en función do capital".

Parece evidente que este principio non se está cumprindo na nosa sociedade, senón que temos unha dominación do capital sobre as persoas.

2º. *Fan que os pobres transfiran renda ós enriquecidos:* Deste xeito o traballador traballará toda a súa vida para pagar unha vivenda que nunca terá. Estarásele expropiando continuamente o froito do seu traballo que irá engordar permanentemente a conta de resultados dos especuladores urbanísticos. O esforzo para promover o aluguer habería que cambialo para promover a propiedade, pois como di Rovirosa: "Estamos seguros de que o exercicio do dereito de propiedade é indispensable a todo home para que normalmente poida tender ó fin para o cal foi creado por Deus, e principalmente para que en verdade o home sexa libre".

3º. *Poñer ó traballador máis á disposición do capital:* Un traballador que vive en aluguer estará máis disposto para ir onde ó capital lle sexa máis rendible, como ben di Rovirosa: "Porque ¿que liberdade poderán atribuír as leis ó home que non posúe NADA e é escravo de tódalas contingencias da vida de hoxe? E, en cambio, ¿que ineficaces serán as tiranías que queiran escravizar a un home se lle respectan a propiedade da SÚA casa e a dos instrumentos de produción!".

4º. *Desarraigar á persoa e ó traballador para que sexa máis manexable e manipulable:* Cantas menos raíces teña a persoa, canta menos estabilidade familiar viva e menor rede de relacións veciñais e familiares constrúa, canto menos integrado estea social e culturalmente... máis dúctil será para os intereses do capital. Consecuentemente menos espírito de loita empregará contra a opresión e explotación, menos solidario será cos seus semellantes. Máis fácil será de escravizar.

5º. Para maior sarcasmo, nos orzamentos do Estado isto véndese como gasto social, pero a verdade é que vai contra os pobres para que non accedan á propiedade e que lle dean sempre cartos ós grandes propietarios de vivendas. Figuran como gastos sociais pero son realmente un verdadeiro Gasto antisocial. Sorprende non atopar organizacións sociais ou sindicais que loiten contra este prexuízo ó pobre.

Decálogo da Homilía

1. A homilía é unha comunicación persoal. Non é unha explicación, unha clase, unha lección, unha breve conferencia. O destino da homilía non é primeira e fundamentalmente o intelecto da persoa, se non o corazón, o núcleo central, o "ti" persoal. Non é un simple exercicio de eséxese, debe ter estreita relación coa lectura anterior da Escritura, e debe explicala, pero non para que se entenda, se non para que teña forza actual, para actualizala, para que interpele aquí e agora.

2. A homilía é un acontecemento actual. É fundamental presentar o Evanxeo como a Palabra actual que Xesús dirixe agora a todos. A homilía debe ter como núcleo central a actualidade e a Xesucristo como núcleo desa actualidade.

3. A homilía trata de Deus pero tamén do home. Trata de Deus pero en relación co home, o mundo e o tempo. O home é inseparable do seu contexto, e é nese contexto de realidades humanas, visibles, sociais, onde se fai realidade o Reino. Esquecernos da realidade humana social concreta é descarnar a Palabra, que é Palabra para nós gracias á súa encarnación.

4. A homilía expón un kerigma. Antes que ser a exposición dunha moral, a homilía debe ser o anuncio solemne dun suceso importante. Temos tendencia ó moralismo (aconsellar, condenar, esixir,). Despois do anuncio da acción de Deus ven a exhortación á conversión, e esta dimensión interpelante-exhortativa non pode fallar, pero debe estar subordinada e deducida do que é máis importante, a iniciativa gratuita de Deus. Ademais esta exhortación á conversión non é un recetario de normas, se non unha invitación ó cambio radical de actitudes que dende a liberdade da iniciativa persoal traducirase en feitos concretos. Esta é a dimensión profética da homilía: Non pode reducirse á denuncia; a tarefa primaria do profeta é o anuncio do Reino, a denuncia é só un aspecto dese anuncio.

5. A homilía plantexa preguntas. A homilía non está para dar resposta ós nosos problemas, sería caer no moralismo e no recetario. A Palabra de Deus está máis para plantexarnos preguntas, para cuestionarnos a vida, que para resolver os nosos peculiares problemas. Certamente soluciónanos problemas en canto ilumina toda a existencia cun horizonte de alegría e esperanza, pero non en canto que da solucións concretas para actuar en cada acción.

6. A homilía ten a estrutura formal dun encontro persoal. Os elementos formais da homilía non son as ideas abstractas, se non os símbolos e os sentimentos. Se a nosa linguaxe é abstracta,



funcional,..., quedarémonos na tona. Só a linguaxe que se apoie en imaxes suxerentes, simbólicas, creará a atmosfera que permita o diálogo profundo que é a homilía.

7. A homilía non pode dicilo todo. Como diálogo interpersoal e profundo que é, a homilía debe suxerir para que o oínte, polo menos no seu interior, tamén poida facer, dicir algo. Xeralmente o predicador esquece que ante todo quen debe falar (falar con Deus) é o que escoita a homilía. Isto concrétese en de tres maneiras: Sendo breve; empregando a interrogación con frecuencia; respectando os silencios dentro da homilía e ó final.

8. A homilía é unha fase da acción sacramental. A homilía non é unha peza autónoma. É preciso amosar que o acto sacramental é a realización plena e definitiva do que se anuncia na homilía.

9. A homilía é o eco do que di a Palabra de Deus. Unha das tentacións do que predica é facer da homilía unha proxección das súas

inquietudes persoais. Podemos evitala, en primeiro lugar gardando fidelidade ó texto, non "elixindo" tema para predicar, se non atándose ó que o texto di, interpretado e actualizado; e, en segundo lugar, non falando "dun tema", se non facendo unha homilía "plural", atendendo ós diversos aspectos do texto.

10. A homilía dialogada. Forma de homilía na que toman a palabra diferentes membros da asemblea de forma espontánea. Xurdiu no seo das celebracións de grupos reducidos e en certas celebracións sacramentais (primeiras comunións, vodas,). Outro caso sería a participación dun grupo de cristiáns na preparación da homilía dominical. Unha cousa é que o sacerdote sexa o ministro da Palabra, e outra a forma monoloxal e excluínte de realizar este ministerio. A "colexialidade" pódese conseguir de diversas maneiras, segundo sexan grupos reducidos ou asembleas numerosas. Nestas, unha das formas mellores é a preparación previa da homilía en grupo.

"A homilía é o eco do que di a Palabra de Deus. Unha das tentacións do que predica é facer da homilía unha proxección das súas inquietudes persoais"

Envío de medicamentos a países necesitados

Por medio da organización "Ayuda al Tercer Mundo, medicamentos", mándanse fármacos sobranceiros de tratamentos médicos e pequeno instrumental clínico a países necesitados. Ós medicamentos deben quedarlles, polo menos, un ano de caducidade, e tanto frascos coma pomadas teñen que estar sen abrir.

Para máis información sobre cómo facer chegar os medicamentos a esta organización, poden poñerse en contacto con Argimiro López Rivas, nos seguintes teléfonos, 982 22 01 00 e 629 73 22 40.

Pofesión solemne nas Carmelitas Descalzas

As Carmelitas Descalzas de Lugo invitan á profesión solemne da Hermana M^a Belén del Niño Jesús. Esta acto será presidido polo Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco Rouco, e terá lugar o 27 de abril ás cinco da tarde no Mosteiro de Muxa (Paredes- Lugo).





Son amado, logo existo

Esta antiga frase de Santo Agostiño (amor, ergo sum), en verbas de Carlos Díaz, ben podería ser un resumo do curso que tivo lugar en Lugo hai uns días, en concreto o 22-23 de febreiro. Unha xornada de formación que compartiu, con máis de corenta persoas, este cristián catedrático de filosofía. Cando unha parte importante da humanidade aínda non ten escoitado falar de dereitos humanos -título do curso-, non vén mal escoitar e contrastar a nosa sociedade opulenta, onde hai dereitos sen humanos, con moitos países onde hai humanos sen dereitos. E un tanto novidoso resulta afirmar, como o fixo Carlos Díaz, que os dereitos humanos véñenlle ao ser humano polo amor de Deus, pois o que nos fai dignos é o amor que procede de Deus: "Que sorte un ser que nos amase dende sempre e para sempre, porque se el nos amase así, viviríamos sempre no seu amor eterno".

O certo é que os dereitos humanos están en perigo, hai que regalalos á humanidade, tarefa que nos toca a nós, porque só se posúe o que se agasalla, como dicía Emmanuel Mounier, de quen é discípulo Carlos Díaz. Porque segundo o ponente, non hai dereitos humanos sen conversión ao humano.

En realidade, pódese constatar unha necesidade universal, todos necesitamos ser queridos, e cando temos sido amados, desexamos querer ao outro. Polo tanto, ao mesmo tempo, hai que falar de "deberes humanos", tamén nosoutros somos corresponsables da tarefa de denunciar as inxustizas e anunciar a boa nova. Así, comentábase na xornada que ou se é

militante de dereitos humanos ou se é consumidor de dereitos humanos. Quérese dicir, que ou nos poñemos do lado dos que traballan pola paz, ou sinxelamente nos aburguesamos no noso confort e comodidade.

E iso é máis doado facelo dende a comunidade, que debe ser enerxía para o encontro recíproco, que dende o seu oposto, o anonimato do individualismo. Abordouse, noutro eido, tres niveis onde se manexan os dereitos humanos: un macro, nun estrato casi internacional; outro meso, da política local e estatal, onde pode entrarse con maior facilidade, pero no que existe un grande analfabetismo selectivo; e outro micro, o das alternativas familiares e veciñais, e neste ámbito a forza do exemplo é capital, non nos outros eidos. Por último, o profesor deunos algunhas "recomendacións", ou xestos cotiás, que se poden realizar na defensa dos dereitos humanos, que non podo deixar alomenos de enunciar: dar bon exemplo; invitar á beleza; invitar ao civismo; donar o noso sangue; invitar á verdade e ao diálogo.

Rematouse a xornada o domingo coa mesa da fraternidade, no desexo de compartir a vida cos máis pobres e febles, na eucaristía, relebrando o posto de manifesto por Carlos Díaz, que precisamos de testemuñas da esperanza na Igrexa. Na despedida da eucaristía, quedaba no noso maxín o <Ite, missa est>, que remarcaba o sentido da misión, do compromiso e da evanxelización dos cristiáns, transformado hai pouco tempo no <podedes ir en paz>. *Magister dixit.*

Alfredo Losada

Desenvolvemento e políticas comerciais

En datas recentes, os medios de comunicación mostrábons imaxes das protestas dos gandeiros nakgunhas das industrias lácteas asentadas en Galiza como resposata ás provocacións que suponen as escandalosas diferencias do precio do leite en destino e orixe.

Una vez máis, a inxustiza abona o terreo da violencia. E problemas moi localizados axudan a comprender situación de amplas dimensións.

Nun mundo marcado profundamente polas leis do mercado e a conseguinte competitividade non é posible que as necesidades primen sobre os intereses. Os países enriquecidos, as grandes empresas agrarias que comercializan o que outros producen, verten excedentes da súa agricultura fortemente subvencionada no mercado mundial a precios máis bixos, destruindo así, a produción e os mercados locais e perxudicando a uns 3.000 millóns de agricultores e gandeiros que viven do seu traballo en todo o mundo.

Ne mentres ales prácticas persistan, os esforzos de moita xente nobre e xenerosa por erradicar o escándalo da pobreza no mundo serán moi pouco eficaces.

A UE concede subvencións á agricultura europea e, o mesmo tempo, concede préstamos ós países africanos para a construción de granzas de cría e engorde de polas a fin de crear postos de traballo e abastecer os mercados locais de alimentos "asequibles". Máis o verdadeiro resultado e que, cando a produción propia chega ó mercado, éste xa está inundado de produtos, incluída a carne de polo, procedentes dos países da UE que, por outra parte, concede fortes primas á exportación de excedentes para ue as propias empresas poidan ser competitivas, ou mellor competidoras no extranxeiro.

É esta una actitude hipócrita que, una vez máis, pon de manifesto que, como dixo Bieito XVI en Munich, en setembro de 2006, "é preciso facer que de conoza, se ame e se crea no Deus de Xesucristo; hai que converter os corazóns para que tamén exista progreso no eido social(...) a cuestión social e o Evanxeo son realmente inseparables".

Delegación de Misións de Lugo.

- * PARROQUIAS
- * MOVEMENTOS
- * ASOCIACIONES
- * AXENDA DIOCESANA
- * LITURXIA
- * E todo o que desexa saber sobre a Igrexa en Lugo.

A NOSA VOZ

SUSCRICIONS:

- ORDINARIA: 10 euros/ano
- BENEFICIA: 15 euros/ano

Ingresos: Banco de Galicia. Nº conta 0600631224

Información: Nas parroquias, na Vicaría de Pastoral ou no Secretariado de Medios de Comunicación Social.